

O silencio militante na poesía de Maria Virgínia Santos Teles Guerra

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Análise da obra poética da poeta portuguesa Maria Virgínia Santos Teles Guerra

Abstract.

On Maria Virgínia Santos Teles Guerra's Poetry.

Maria Virgínia Santos Teles Guerra naceu en Espinho en 1931. Filla do fiel namorado da Galiza, Manuel Oliveira Guerra, tamén poeta, e de Maria Emilia Santos Teles, licenciouse en Linguas e Literaturas Modernas, no Porto. Cultivadora da poesía desde moi cedo, publicou relatos e poemas en xornais e revistas. Tardiamente saíron os libros de poesía *Mulher de Loth* (1992), en edición da autora, Lisboa¹; *...Ribeiro, teu indicio* (1995), en Sol XXI; *O Silêncio todo* (2000), en Universitária Editora, Lisboa, *As cinzas e as brisas*, libro bilingüe, en francés e portugués, publicado no ano 2002, en Edições Tema, Lisboa; *Ces quelques lettres portugaises*, poesía, Éditions Lacour, Nimes, 2002; *Precário Registo* (2003) en Universitária Editora, Lisboa. Os seus libros son asinados como Maria Virgínia Monteiro ou Guerra Monteiro, nome de casada que mantivo despois de terse divorciado en 1992. Actualmente ten varios libros para publicar, entre eles, un de relatos.

O feito de non ter publicado o seu primeiro libro antes de 1992, a pesar de ter comezado a escribir aos 14 anos, debeuse á súa condición de muller “dependente”, como ela mesma afirma, primeiro do pai e máis tarde do marido. Esta condición determina non só a publicación tardía da súa obra senón a temática enteira da mesma, marcada polos desexos de realización nos planos persoal e autorial:

Procuo e quero estrelas/ mas não chegarão a vê-as/ os que passam ao meu lado./ Os que não querem deixar-me/andar no mundo à procura/ de que me aceitem qual sou./ Que não sabem onde vou/ quais os caminhos que quero/ qual a beleza que espero/ encontrar...².

Entre as influencias poéticas percibidas na súa obra, ademais dos autores e obras por ela citados como Camões, Machado, Borges, Neruda, Octavio Paz, Appollinaire, Camilo Pessanha, Pessoa, Egito Gonçalves, Orlando Neves e o omnipresente Rabindranath Tagore con citas de *O xardineiro do amor* en varias composicións, destaca a influencia de Florbela

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora em Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Língua Galega e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

1 Tiña 61 anos cando publica o seu primeiro libro aínda que o escribiu aos 36.

2 *Mulher de Loth*, p. 21.

Espanca na maneira de facer unha poesía centrada absolutamente no eu, poesía confesional, entre simbolista, decadente, moderna e ás veces sensual:

Com lágrimas me arraso/ e me sustento/ Com elas me vem/ envolto em tempo/ todo este amargo bem/ todo este obscuro mal³.

Vem!.../ esperar-te-ei ao fim do dia, a rubra cor/ do sol a erguer brilhantes vãos castelos loiros/ quando na praia os grãos de areia são tesoiros/ e os barcos lentos, os fantasmas do amor// só para ti eu dançarei, fada ou nereide/ sob os pés nus recalcarei a espera, a dor/ a olhar em frente o mar-silêncio, o mar que eu hei-de/ na imensidão deste meu pranto ver maior⁴.

Florbela Espanca, posibelmente o mito literario máis querido dos portugueses, morreu a finais de decembro do ano 1930. Virgínia Guerra nace cinco meses despois, o 25 de maio de 1931. A posición de muller dependente foi, no caso da segunda, moito máis flagrante. Casou aos 16 anos e nunca lle consentiron que continuase os estudos nin que escribise. Só aos 36 anos, a idade que tiña Florbela cando morreu, conseguiu traballar fóra da casa -o que até ese momento lle fora negado-, e, poucos anos despois, matricularse na Facultade de Letras do Porto, onde concluiu a Licenciatura en Linguas e Literaturas Modernas.

Este eu poético muller utiliza o silencio como centro dos poemas e, sen dicir moito, suxere os sentimentos de perda e derrota final. O silencio significa tamén a incapacidade de comunicarse poeticamente:

Assim eu dou/ todo o silêncio/ e as vozes que há neste silêncio/ o das canções que não canto/ o das palavras mudas que não me espanto/ de não saber dizer⁵.

O tempo paira sobre os seus versos como algo inexorábel, fuxidío e que, como as augas do río, flúe sen parar deixando atrás o paraíso mais tamén o drama. Porque nas alusións ao pasado, este presenta dúas caras antitéticas, o tempo da alegría da infancia e o tempo da dor, da dependencia dun universo masculino onde só era filla ou muller de..:

Também de Babilónia esses ríos/ os turvos de caudais impetuosos/ onde por margens só escarpas, os saudosos/ meus olhos se rasgaram nos baixios/ também de Babilonia os vãos estios/ nas margens de salgueiros tão chorosos/ também, também chorando, por airosos/ lugares de mim perdidos, fugidios⁶.

O eu poético contempla o pasado con dor e nostalxia, desde un presente onde renaceu das cinzas e, na mudanza, non é capaz de contabilizar as perdas e as gañancias todas, o que se manifesta tamén no personaxe do conto “A mulher do autocarro” ao considerar que o peor das revolucións son os excesos, mais, a pesar de todo, pide que a vida non volva a ser como antes:

3 “...Silêncio...”, en *O silêncio todo*, pp. 64-65.

4 *As cinzas e as brisas*, p. 26.

5 *Precário registo*, p. 9.

6 “soneto quase”, en *Precário registo*, p. 26.

Lembrava o tempo dos tabus. Da menina que fora, cercada por eles e revoltada contra eles. Desejando um mundo melhor para as mulheres, as mudanças, os direitos tão negados... As marcas ainda lá estavam, bem vivas, cicatrizes dolorosas, milhões de dores que sentira, ela... O ansiado direito de ser gente e não gleba de plantio alheio, serve do sementeiro... O direito de dizer sim, o direito de dizer não... lutara tanto, por si própria, que nem tivera tempo de ver que, à sua volta, o caminho se tornara mais fácil para as outras mulheres, que tudo evoluíra depressa, numa escalada vertiginosa de tecnológicas revoluções, mentalidades⁷.

O presente non significa tampouco a felicidade plena para o eu que, a pesar de todo, vive coa nostalxia do pasado, porque hai algo que permanece:

E tudo em nada que haja em mim se reconheça/ assim, que sou, mudo fantasma em nostalgias/ de um tempo-sombra de inventadas alegrias/ num tempo-vida onde absorta e insone passo⁸.

Mais o paso inexorábel do tempo acaba con todo, o ben e o mal, o que podemos ver na composición inédita que finaliza cuns versos de Appollinaire:

E vão assim os dias, em caudal/ correntes de água viva, pura, estreme/ e nada, nada volta, o bem ou o mal/ “ni temps passé ni nos amours reviennent”.

Na obra poética da autora non hai un sentido que se desenvolva progresivamente, mais aparecen elementos breves de información convertidos moitas veces en desinformación por un pensado procedemento poético de matiz simbolista ao que axudan imaxes e símbolos en continua repetición através dos que o lector percibe unha mensaxe de desilusión e de dor dun eu muller que loitou por ser o que quería ser aínda que lle custou máis do que pensaba.

Como Florbela, a autora xoga nas súas obras a esconderse e a manifestarse. Como ela, é unha das autoras que fai máis literatura sobre o propio «eu», podendo asegurar que o «eu» é o centro de todo, xa sexam poemas, ou contos. Tamén, como ela, non é un único «eu» o que se nos presenta, senón unha multiplicidade de «eus», nunha tentativa de autorestauro da unicidade. Nas dúas autoras a principal preocupación son elas mesmas, podendo considerarse a súa obra como unha medida terapéutica na procura do seu coñecemento, nunha tentativa desesperada por delimitar o seu propio «eu» e realizarse como seres autónomos.

Máis seguidora da tradición, na liña florbeliana, que procuradora de novos camiños, a obra poética de Virgínia Guerra Monteiro móvese entre a metafísica no tratamento duns temas eternos que preocupan ás persoas como o paso do tempo, a posición perante a vida, e unha vaga poesía social, entre o romantismo e o simbolismo, reivindicando sempre o sentimento desde unha perspectiva feminina. A obra está chea de vida mais tamén de literatura porque na súa creación hai interese pola obra ben feita, pola beleza, pola disposición da linguaxe e polo ritmo, marcado por procedementos tradicionais de rima ou modernos na repetición de estruturas.

7 “A mulher do autocarro”, relato publicado en *Entreletras*, nº 4, novembro 2002, Tomar.

8 “Aonde?”, de *Poemas Imperfeitos* (1970-2000) a publicar.

A autora, como Florbela, manifesta a través de toda a súa obra literaria os desexos de elevación, expresados nas asas das aves mais, o mesmo que acontecía na literatura florbeliana, as aves acabaron coas asas quebradas no intento de voar. Como lectores percibimos a emancipación dun eu muller, mais tamén a dor que custou conseguila e o que perdeu no camiño.

A obra de Virgínia Guerra Monteiro lévanos a considerar a meditación de Derrida sobre esa «raia» entre a vida e a obra, que, na súa opinión, non é unha liña clara porque non podemos separar radicalmente vida e obra⁹, embora non podamos explicar a unha pola outra. Neste limite paradóxico estamos.

*Meus versos pobres, só meus,
minhas conquistas de céus
minhas asas de locura...
Sonhos de min, na lembrança
fantasmas meus de criançã
minhas horas de doçura...*

*Meus versos da cor da aurora
-poeta?- talvez o fora
se me deixasem comigo!...
Minha lareira sem fumo
Minhas viagens sem rumo
Minhas cantigas de amigo...*

*Meu muro de além-fronteira-
-tão longe, tão derradeira,
tão distante, tão perdida...
Caminhos sem Sul nem Norte,
fugas da Vida e da Morte
que levan pr' além da vida...*

9 Cfr.: Jacques Derrida, *L'oreille de l'autre. Otobiographies, transferts, traductions*, Ed. de Claude Lévesque e Christie V. McDonald, Montreal, VLB, 1982.